



Rachemos coas fronteiras. Non ás guerras!

Rede galega en apoio das persoas refuxiadas

O pasado 26 de outubro rematou o prazo ao que o estado español se comprometera diante da Unión Europea para acoller, en dous anos, a 17.337 persoas refuxiadas. O prazo rematou, pero a promesa non se cumpriu. A Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas saíu á rúa todos os días da última semana (do 19 ao 26 de outubro) na Praza do Toural de Santiago para recordarlle á administración e a todas as persoas que pasaban pola rúa, que o tempo se esgotaba e as persoas refuxiadas seguían esperando nas fronteiras do medo e a morte.

Cada día algunha persoa do mundo e da cultura nos acompañou neste reclamo. Así puidemos contar coa xenerosa presenza do director de cine Alfonso Zarauza, o adestrador do Obra Moncho Fernández, os actores Monti Castiñeiras e Carlos Blanco, os académicos Andrés Torres Queiruga e Marilar Aleixandre, a música Uxía Senlle e o coro Si Vis me Cánere. Reproducimos o manifesto que se leu todos os días.

A Rede ten tamén en marcha unha campaña de sinaturas de apoio e información das actividades que vai realizando en <http://www.rederefuxiadas.org/>

A Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas convoca unha Concentración diaria na Praza do Toural en Santiago de Compostela ás 20 horas ata o martes día 26 de setembro. Data na que remata o prazo que tiña o Estado Español, no marco dun Acordo da Unión Europea, para acoller a 17.337 persoas refuxiadas. Ata o día de hoxe o Estado Español só acolleu a 1.980 persoas refuxiadas, pouco máis do 11% do total comprometido. Faltan por tanto por acoller 15.357 persoas refuxiadas, e faltan sete días para que remate o prazo fixado.